



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE A ESTRADA PARA AS OBRAS DE EQUIPAMENTO E INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO DAS TRAVESÍAS DE VEA E DA IGREXA EN A ESTRADA.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de A Estrada, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, na Lei orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de A Estrada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de A Estrada, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no “**equipamento e instalacións de alumeado público das travesías de Vea e da Igrexa en A Estrada**”.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de A Estrada trata de promover unha actuación consistente no “**equipamento e instalacións de alumeado público das travesías de Vea e da Igrexa en A Estrada**”.





Trátase dunha actuación que ten por obxecto favorecer o uso peonil e espazo de lecer das rúas da travesía de Veá e da Igrexa, xa que logo da renovación do seu pavimento e mobiliario urbano, estas rúas precisan de un alumado público adecuado a dito uso.

Para isto é necesaria a instalación de novos equipos eléctricos auxiliares e luminarias, posto que o alumado proporcionado polas luminarias existentes é insuficiente, tanto polo seu deseño como polo tipo de lámpadas que empregan.

Ademais, a renovación permite mellorar o seu rendemento enerxético instando novas lámpadas de tipo LED que garanten un mellor rendemento luminoso cun menor consumo de electricidade.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

